



## A actriz Charo López visita Compostela para recibir o seu Premio Cineuropa

- O Teatro Principal acollerá o tributo a unha das actrices esenciais da nosa cinematografía este venres ás 19:45 h.

**Santiago de Compostela, 17 de novembro do 2022.-** Segundo o director de Cineuropa, José Luis Losa, “Arredor de Charo López, dos seus pasos discontinuos, do seu hedonismo equívoco e sabio, cumpriría inventar unha Historia do cinema español alternativa. Iso dío todo sobre o seu poder como involuntariamente taumátúrxico; dunha magnitude tal que só con que unha industria tan cega coma a nosa lle permitira rodar xa se ensanchan os sucos dunha lenda”. A xa lendaria Charo López chegou ao cinema de xeito case casual. Logo de estudar filosofía e letras na súa Salamanca natal, e de comezar a traballar como profesora nun colexio intercalando este traballo con pequenos papeis en teatro ou cinema, coñece a Gonzalo Suárez, con quen iniciaría un infatigable tándem que duraría máis de 50 anos. Ese mesmo día, Suárez ofreceulle o papel de Ana Carmona en *Ditirambo*. Logo comezaron a chegar películas, obras de teatro e televisión, pero poucos roles que ela sentira que sacaban o seu potencial como actriz. A prensa converteuna en icona sexual, pero isto non servía para atraer os bos papeis. No canto de arrastrarse en subprodutos, en 1979 Charo López decide volver a exercer o maxisterio. Cando estaba a piques de comezar o seu traballo nun novo centro escolar, todo quedou atrás grazas á Mauricia 'a dura' na adaptación televisiva de *Fortunata e Jacinta* que Mario Camus realizou en 1980. Ese papel foi chave, e fixo que encadease unha serie de personaxes nos que interpretaba a mulleres libres e pasionais. O seu segundo fito foi a interpretación de Clara Aldán noutra adaptación televisiva: *Los gozos y las sombras*. Naquel ano 82 onde aínda o país se sacudía o po de 40 anos de ditadura, López protagonizou unha escena que revolucionou o audiovisual estatal, unha masturbación feminina.

Logo viñeron toda a serie de filmes e series que a converteron nunha peza imprescindible da nosa cinematografía: *La Colmena* (Mario Camus, 1982), *Epílogo* (Gonzalo Suárez, 1984), *Últimas tardes con Teresa* (Gonzalo Herralde, 1984), *Los paraísos perdidos* (Basilio Martín Patino, 1985), *Los pazos de Ulloa* (Gonzalo Suárez, 1986), *Tiempo de Silencio* (Vicente Aranda, 1986), *Don Juan en los Infiernos* (Gonzalo Suárez, 1991), *El detective y la muerte* (Gonzalo Suárez, 1994), ou o *Secretos del corazón* de Montxo Armendáriz que será proxectada este venres logo da entrega do premio, coa que obtivo o seu único Goya como mellor actriz de reparto.

Charo López recollerá o último dos Premios Cineuropa desta 36ª edición este venres 18 de novembro ás 19:45 h no Teatro Principal. Á homenaxe asistirán o director do Festival, José Luis Losa, o alcalde de Santiago de Compostela, Xosé Antonio Bugallo, e outros membros da corporación municipal.

### Programación

O resto da programación deste venres estará complementada por once proxeccións máis en diferentes salas e a gran festa do cinema: o maratón (Teatro Principal ás 22 h.), conformado nesta ocasión por sete películas (tres delas sorpresa) que prometen facer as delicias do público máis nocturno do festival.

Por outra banda, no Salón Teatro ás 18:45 h. dará comezo a proxección de *Donde acaba la memoria*, un documental dirixido polo galego Pablo Romero e protagonizado por Ian Gibson, que xira arredor da imaxe

#### CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@cineuropa.gal  
compostelacultura.gal  
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL





deste historiador e da súa loita por recuperar a memoria de Lorca e de tantas outras persoas que co paso dos anos foron esquecidas baixo terra. O que para moitos españois é xa unha causa perdida, para este irlandés é un motivo de loita constante para recuperar as vidas e historias de todas e todos aqueles que caeron en combate e na ditadura posterior hai xa case 90 anos. O pase contará cun coloquio e a participación do director, Pablo Romero, e o produtor e músico Xavi Font.

De seguido, ás 20:15 h no mesmo Salón Teatro, terá lugar o último pase *Rimini*, un traxicómico filme do irredento Ulrich Seidl sobre un *crooner* en decadencia co que o director austríaco abunda na súa traxectoria lendaria de cineasta do mal corpo xa ben coñecida polo público deste festival.

Por último, cómpre salientar tamén o derradeiro pase de *Saint Omer*, a ópera prima de Alice Diop que está a bater todos os récords en canto a galardóns se refire, colleitando en tan só dous meses desde a súa estrea internacional no Festival de Venecia o gran premio do xurado e mellor ópera prima no Festival de Venecia, mellor película e mellor guión no Festival de Sevilla, ou a candidatura á mellor dirección nos Premios do Cinema Europeo. Ademais, é a película elixida por Francia para o Oscar á mellor película internacional. O filme, que pechará a xornada no Salón Teatro a partir das 22:30 h, segue o xuízo a unha muller acusada de matar á súa filla, apenas un bebé. A nai é nixeriana e chega a Francia coa esperanza dunha vida mellor. Axiña, a realidade e o desexo entran en guerra, e aí aparecen a tolemia, a desesperación e o medo como testemuñas dun drama descomunal.

## CHARO LÓPEZ - PREMIO CINEUROPA 2022

Na medida na que Charo López se metabolizou como o territorio do enigma, con maiúsculas, do noso cinema, tendo a pensar que a súa presenza en todas as súas películas, desde que Gonzalo Suárez a deu a coñecer en *Ditirambo*, é tamén unha bruma. Unha materia que cambia con cada mirada, con cada revisión. Nese sentido, Charo López pertence a esa natureza de figuras da representación que brillan nas obras que están á altura dese misterio seu: nas súas seis colaboracións con Gonzalo Suárez, en *Tiempo de silencio*, en *Secretos del corazón*, en *La colmena*, en *Los placeres ocultos*, en *Fortunata y Jacinta*, en *Los gozos y las sombras*; e por suposto, en *Los paraísos perdidos*, de Martín Patino. Cando a película semella perecedoira ou esquecible, nela escintila Charo López como estrela errante que nuclea arredor de si ese desaforamento da beleza convulsa, tanto ten que se trate dun *spaghetti-western* con Fabio Testi ou dun delirio entre pop e *noir* como *Me enveneno de azules*, nada menos que xunto a Junior.

Calquera película que leve dentro a Charo López merece unha revisitación. Porque nesas imaxes está conservado ese enigma, esa cavilación que, de seu, conforma un estalido, unha imaxe revelada en perpetua evolución. Convídeos a que o comprobren. Revisen o seu debut na pantalla en *El hueso*, en parella imposible con Cassen. Ou en *Manuela*, obra naturalista do hoxe debido autor de culto Gonzalo García Pelayo. Descúbrana en *Luto riguroso*, do sempre imprevisible José Ramón Larraz. Ou recuperen dos arquivos cada día máis xenerosos de TVE a serie *Un día volveré*, o segundo Marsé da actriz despois de *Últimas tardes con Teresa*.

A organicidade de Charo López posúe o don mesmerizante de erixirse en obra en si mesma. É algo que Godard experimentou con Anna Karina. Pensar nos territorios do noso cinema que Charo López non chegou a habitar —a infeliz resolución do que ía ser a súa Virxe para *La Vía Láctea* de Buñuel, ou o seu rexeitamento para intervenir no *Matador* de Almodóvar— darían para unha historia ensoñada ou para unha impugnación de todo o que puido ser e non foi. Por que Charo López non puido ocupar o epicentro de *Ana y los lobos* ou de *Peppermint Frappé*? Como é que Vicente Aranda, máis aló da devandita *Tiempo de silencio*,

### CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@cineuropa.gal  
compostelacultura.gal  
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL





non se atreveu a dobrar o seu Cabo de Fornos pasional profundando nela e nos seus irredentos poderes e pulsións iconográficas?

Arredor de Charo López, dos seus pasos descontinuos, do seu hedonismo equívoco e sabio, cumpriría inventar unha Historia do cinema español alternativa. Iso dío todo sobre o seu poder como involuntariamente taumátúrxico; dunha magnitude tal que só con que unha industria tan cega coma a nosa lle permitira rodar xa se ensanchan os sucos dunha lenda.

Lémbroa neste Teatro Principal en 1989 representando *Hay que deshacer la casa*, o segundo dos seus grandes éxitos teatrais na súa escapada para reinventarse en Arxentina, que ela mesma produciu despois de ocupar artisticamente Bos Aires durante máis de medio ano xunto a Pepe Sancristán coa adaptación de *Una jornada particular*.

No tributo deste 36º Cineuropa poderemos celebrar a ese personaxe de *Secretos del corazón* que tan ben representa os ecos de ignoto malditismo de muller con pasado —cando o patriarcado pretendía que o xénero feminino non o tivese—, coma se estivésemos a falar dunha Ava Gardner insumbisa na Salamanca constrinxida onde se fundaron os corenta anos de xugo e as frechas.

Texto por José Luis Losa

## PROGRAMACIÓN CINEUROPA VENRES 18 DE NOVEMBRO

### TEATRO PRINCIPAL

17.30 SURO / CORTIZA, de Mikel Gurrea

19.45 PREMIO CINEUROPA: CHARO LOPEZ + SECRETOS DEL CORAZON, de Montxo Armendáriz

22.00 MARATON

📺 THE LAIR, de Neil Marshall

📺 PELICULA SORPRESA 1

📺 PROJECT WOLF HUNTING, de Kim Hong-sun

📺 PELICULA SORPRESA 2

📺 LA NUIT DU 12 / A NOITE DO 12, de Dominik Moll

📺 EL HOMBRE Y EL MONSTRUO, de Rafael Baledón

📺 PELICULA SORPRESA 3

### SALÓN TEATRO

17.00 BLANQUITA, de Fernando Guzzoni

18.45 DONDE ACABA LA MEMORIA, de Pablo Romero + PRESENTACION E COLOQUIO

20.15 RIMINI, de Ulrich Seidl

---

#### CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@cineuropa.gal  
compostelacultura.gal  
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL





22.30 SAINT OMER, de Alice Diop

**MULTICINES COMPOSTELA**

17.00 STORMY WEATHER / TEMPO DE TORMENTA, de Andrew L. Stone

19.30 THE BAND WAGON, de Vincente Minnelli

21.30 PURPLE RAIN, de Albert Magnoli

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**

17.00 THE MANCHURIAN CANDIDATE / O MENSAXEIRO DO MEDO, de John Frankenheimer

19.30 SWING TIME / EN AS DA DANZA, de George Stevens

---

**CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA**

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@cineuropa.gal  
compostelacultura.gal  
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL

